



RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Asunto: Substitución do presidente da comisión de selección praza 16/2003

Feitos

Por Resolución do 6 de setembro de 2016 faise pública a relación definitiva de admitidos e excluídos e a composición da comisión de selección encargada de vulgar o concurso para a provisión da praza 16/2003, de Profesor Contratado interino de Substitución da área de coñecemento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, convocado por Resolución do 30 de xuño de 2016.

Con esta data o decano da Facultade de Ciencias, Moisés Canle López, presidente da comisión de selección, por razón de outras actividades derivadas do seu cargo solicita a súa substitución polo profesor Federico Pomar Barbeito, vicedecano da Facultade.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.5 da normativa da UDC reguladora do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno, na súa reunión do 30 de abril de 2014, e o 5.5 da resolución reitoral pola que se convocaron estas prazas, establecen que “Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade...”.

Por todo o indicado, esta reitoría, en atención a que as razóns alegadas xustifican a substitución solicitada, resolve autorizar a substitución do presidente da comisión polo vicedecano do centro, Federico Pomar Barbeito, profesor Titular de Universidade.

A Coruña, 14 de setembro de 2016

Por delegación do reitor (R.R. 12/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
Alberto Valderruten Vidal